

## FREI MARTÍN SARMIENTO E A SÚA ÉPOCA \*

*Pegerto Saavedra*

*Universidade de Santiago de Compostela*

**Resumen:** El padre Sarmiento (1695-1772) es una figura importante y compleja de la Ilustración gallega y española. Autor de una copiosa obra, que en su mayor parte quedó inédita, se mostró muy avanzado en la defensa de las ciencias experimentales y en los ámbitos filológico y pedagógico, y más tradicional en sus ideas sobre la economía y la organización social. Las dos grandes fidelidades, que condicionaron casi todos sus escritos, en particular los de la época tardía, fueron la orden benedictina y Galicia. La defensa que hizo de la necesidad de realizar la enseñanza primaria en las lenguas familiares de los niños y sus esfuerzos para dignificar y normalizar el gallego, en contra del criterio dominante entre los ilustrados, constituyen algunas de las causas de su marginación y hasta del olvido de que es objeto en muchas obras generales dedicadas a la Ilustración o a algunas de sus principales manifestaciones, como la renovación educativa.

**Palabras clave:** Padre Sarmiento, siglo XVIII, Ilustración, Galicia, España, Enseñanza, Lengua y Cultura gallegas.

**Abstract:** The Father Sarmiento (1695-1772) is an important and complex figure of the Galician and Spanish Enlightenment. Author of a huge work, largely unpublished, he was very advanced both in the defence of the experimental sciences and in the philological and pedagogical fields, and he had more traditional ideas about economy and the social organization. The two great fidelities, which determined nearly the majority of his texts, specially those later ones, were the Benedictine Order and Galicia. The defence he made in order to do the Primary Education of children in their mother tongue and his efforts to dignify and standardize the Galician language, against the public opinion among erudites, are some of the causes of his marginaliza-

---

\* Con algunhas modificacións, este texto corresponde a unha conferencia pronunciada o 16 de maio de 2002 no Salón Nobre do Pazo de Fonseca con motivo do Acto literario que tivo lugar para celebra-lo Día das Letras Galegas. O autor agradécelles ó entón Rector Magnífico da Universidade de Santiago, Prof. Darío Villanueva, e ó Departamento de Filoloxía Galega da mesma Universidade, representado polo seu Director, Prof. Ramón Mariño Paz, a honra que lle fixeron ó convidalo a participar no mencionado acto.

tion and forgetfulness in many general works dedicated to the Enlightenment or to some of its main expressions, like the renovation of the Education.

**Key Words:** Father Sarmiento, XVIII century, Enlightenment, Galicia, Spain, Education, Galician language and culture.

REPRESENTA para min unha satisfacción intelectual e mesmo emotiva o feito de te-la oportunidade de facer memoria de Frei Martín Sarmiento, o “Gran Galego” –en verbas de Antolín López Peláez–, a quen hogano se lle dedica o “Día das Letras Galegas”. Unha homenaxe que ben poucos merecerán tanto coma el, aínda que de ter sospeitado que algún día puidera ser suxeito dunha conmemoración seguramente non a aceptaría, pois o seu carácter era inimigo de calquera clase de “comercio” na vida política e cultural. O monxe bieito pontevedrés, nado por casualidade no Bierzo –daquela unha prolongación de Galicia–, non debería espertar outra cousa que simpatía, e, de calquera xeito, non podería deixar indiferente a ninguén de cantos se acheguen á súa obra, pola paixón coa que investigou e defendeu, nas tebras mestas dos “séculos escuros”, a lingua galega e, en xeral, todo o relativo a Galicia. E mesmo polas maneiras francas, desenvoltas, desenganadas e por veces atrevidas coas que se expresaba, moi afastadas do “bo gusto” que comezaba a impoñerse entre as elites intelectuais da España do século XVIII, das que formou parte des que se asentou en Madrid en outubro de 1725 ata a súa morte o sete de decembro de 1772.

Se se me dispensa, engadirei ademais que ós que nacemos xa hai anos nun medio cultural monolingüe galego, ler ou reler hoxe os escritos de Sarmiento referidos á súa infancia pontevedresa (os anos que van de 1695 a 1710) e algúns dos seus textos que tratan do ensino das primeiras letras e da gramática, nos provoca unha senlleira emoción o atopar de súpeto retratadas vivencias dos nosos primeiros anos nas daquel outro neno que, séculos antes, non mamara outra lingua que a galega e que, agarrado á saia de súa nai, deletreaba sen entendelas as palabras latinas pintadas nas paredes da igrexa parroquial. Tan demorado e paseniño foi, ata mediados do século XX, o decorrer da Historia galega, na que segundo escribía Ramón Otero Pedrayo, “as décadas son ben pouco para mordiscar os eixes e as rodas do carro das xeracións campesíñas de camiñar acompasado polo devalar das sazóns galegas: os séculos roldan o nó campesío, como as correntes dun río nun rexo penedo”.

A complexidade da obra de Sarmiento, e tamén da propia persoa, é ben coñecida e arrinca en parte de que, na época en que viviu, os diversos coñecementos estaban adiantando moito e notando un proceso de especialización. Pero, así e todo, aínda continuaba vixente unha concepción unitaria do saber, a crenza na posibilidade, e mesmo na necesidade, dun saber enciclopédico que esixía ter á man e consulta-las

obras esenciais antigas e recentes que trataban das diversas “facultades”, cousa que se podería facer, segundo declara o propio Sarmiento, tendo moitos autores en poucos libros e moitas materias en poucos tomos. Pois, xa que logo, non resultaba nin posible nin aconsellable ler tódolos libros que saíran ou ían saíndo do prelo, algúns deles obra de escritores bos, e a meirande parte da autoría de escritores malos, malísimos e ata pésimos: “Desde la invención de la imprenta hasta el tiempo presente, afirma en 1748, se ha escrito infinito y hay mucho *óptimo*, mucho mediano y mucho más pésimo y despreciable”, unha opinión coa que concordaba o seu contemporáneo Diego de Torres Villarroel.

O feito de escribir de historia natural, filosofía, filoloxía, educación, paleografía, cronoloxía, historia da arte, economía, etc., provoca que non sexa doado facer unha análise global da obra de Sarmiento, que se caracteriza ademais, como é ben sabido, por ser moi pouco sistemática ó non estar escrita, en xeral, con vistas á súa publicación, de xeito que mesturaba os temas que se lle ían ocorrendo. A *Obra de los 660 pliegos* representa unha boa mostra desa “irresistible afición a las digresiones”, en verbas de M. Dubuis, N. Rochaix e J. Saugnieux: principiada para tratar do problema dos foros, que tanto alarido estaba levantando en Galicia ó redor de 1760, logo incluíu nela moitas outras cuestións, pouco relacionadas entre si, desde temas nos que explica as súas concepcións da economía e da organización da sociedade ata críticas ós chamados “falsos cronicos” e unha “larga y selvática digresión educativa”, en verbas de J. Santos Puerto. Mesmo nun texto en principio tan erudito como as *Notas al Privilegio de Ordoño II* incluíu unha extensa introducción na que a problemática educativa é central, segundo advertiu A. Galino. En canto lle chamaba a atención un asunto, de calquera natureza que fora, redactaba uns “pliegos” nos que explicaba a súa opinión. Esta falla de sistema é a causa e a consecuencia de que cando finou só tivese publicado a *Demostración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal* (1ª ed. de 1732, con novas impresións en 1739, 1751, 1752, 1779 e 1787, as dúas últimas cando xa morrera o autor). E, aínda hoxe, estamos agardando pola edición da súa obra completa, tarefa que por fin parece que vai ser desenvolvida polo Consello da Cultura Galega.

Xa en vida deu moito que fala-lo feito de que escribira tanto e publicara tan pouco, e el mesmo, en 1758, tentou explicar “el porqué no se pone a oficio de escritor”, como lle reclamaban moitos, uns con boas intencións e outros “para divertirse a costa ajena, viendo los toros literarios desde la talanquera de los corrillos”, e todo “por una viciosa y ociosa curiosidad” de ver como os críticos se encirriban cos seus impresos. Afirmo que “No sé hablar sino como pienso. No sé escribir sino como hablo”, cousa só certa en parte porque a *Demostración crítico-apologética* é unha obra abondo ben elaborada e que tivo éxito editorial. Cómpre ter en conta que escri-

biu numerosos informes encargados por diferentes persoas, polo que é normal que quedaran inéditos. A propia desorde coa que redactou outros textos, o medo ás críticas e á censura, e o desexo de non verse envolto nas polémicas do mundo cultural da Corte, onde os celos e as inimidades persoais eran frecuentes, son tamén razóns que o levaron a non darlle ó prelo os seus escritos. Sabía ben que cando os coñecementos se estaban especializando non resultaba posible opinar verbo de calquera asunto con rigor, coa suficiente formación específica. E, por outra banda, a decisión de enzañarlos “pliegos” só para si mesmo e para uns cantos amigos dá-lle unha liberdade de expresión que non existía, nin sequera para un frade piadoso, á hora de publicar, pois o propio padre Burriel, xesuíta vinculado ós proxectos culturais da Corte e amigo de Sarmiento, chegou a confesar que “es evidente y cierto que hoy sin mucho peligro no puede decirse desnudamente la verdad” (A. Mestre). En privado gozaba de máis liberdade e non estaba obrigado a respecta-las convencións da “corrección política” que, para el, eran farsa e finximento: “Yo no escribo aquí en lengua política, la cual hace estudio de no conformar la lengua con el corazón”. Na sociedade estilábase unha linguaxe “política” e “diabólica”, que corrompía os libros: “Al contrario, es peste de esa sociedad dar un *no* por un *sí* y un *sí* por un *no*; pues en esto consiste la mentira, falsedad, felonía, traición, alevosía, engaño, embuste e impostura”. Gustaba da liberdade cristiá, filosófica e ata política, de poder dici-lo que pensaba, sen “irritare cabrones”, sen dar ocasión a mofas e outras molestias: “a mí no me cogen ni me cogerán esas desazones, pues me alisté en la cofradía de los muertos antes de la invención de la imprenta” (J. Santos Puerto). Namentres outros perdían o crédito e a saúde publicando, el “divertíase” lendo os milleiros de volumes que reuniu na súa cela, e “falando” consigo mesmo e cos amigos, de viva voz ou por escrito.

Aínda se podería engadir que ó se manter retirado, pero tratando de influír por medio dos seus escritos, a decisión de non publicar respondía tamén ó desexo de evitar “desgastes” e de conserva-lo poder do sabio, segundo apuntou E. Lluch. Así espallouse desde ben cedo a sona da súa sabedoría que, en opinión de G. Marañón “se hizo popular y luego legendaria”, e no volume II do *Teatro Crítico*, Feijoo incluíno, sen citalo polo seu nome, entre as “Glorias de España”, quizais para agradecerlle todo o traballo que pasaba na corrección e edición dos “Discursos”. Para Marañón, as razóns de que Sarmiento non publicara case nada do que redactou serían “patolóxicas”: “su aislamiento, su hosquedad y la defensa que hace de ésta denuncian a un psicópata depresivo, que concuerda con su arquitectura corporal rechoncha o pícnica”. Hoxe a xustificación que dá o médico madrileño parece pouco convincente.

Calquera que sexan as explicacións que se lle busquen á actitude de Sarmiento no tocante a non publica-la meirande parte dos seus escritos, o seu caso pon de manifesto que, incluso no século da grande expansión da imprenta, os materiais manus-

critos continuaron desempeñando unha importante función cultural; circulaban en copias e en copias de copias entre grupos de amigos e persoas con inquedanzas semellantes e non deixaron de influír. A expresión “corre manuscrito”, que lle dá título a un interesante libro de F. J. Bouza, non perdera actualidade no século XVIII porque había persoas que non querían publicar e porque había textos que non se podían publicar sen perigo para autores e impresores.

As achegas de Frei Martín Sarmiento ós eidos do saber mencionados anteriormente, en especial á filoloxía, pedagogía, filosofía e economía, foron obxecto de análise por parte de especialistas ós que debo amosa-lo meu recoñecemento, dado que non podería preparar este texto sen a axuda dos traballos do profesor Pensado, que pasou a súa vida dedicado ó estudio da obra do bieito pontevedrés; dos de Angeles Galino e Filgueira Valverde; dos elaborados polos compañeiros do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago (Ramón Mariño, Antón Santamarina, Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo...), así como dos de Fausto Dopico, Antón Costa, Pilar Allegue, María A. Lires e J. Santos Puerto. Na miña condición de historiador tentarei tan só de situar no contexto da Ilustración española e galega a obra –e a persoa– de Sarmiento. Nunha carta a seu irmán Xavier dicía que de calquera cousa que tratara sempre tiña perante a vista a realidade galega: “Nada veo, nada oigo, nada palpo, nada leo, nada escribo, nada observo, nada experimento, y nada discurro que no tenga a la vista Galicia y la Boa Vila...”. Sarmiento, escribe E. Lluch, “siempre parte de Galicia para llegar posteriormente a la dimensión de España. Sin embargo, el resto de España que no está relacionado con Galicia no existe más que como abstracción (...). El salto de Galicia a España se hace sin transición real y concreta”. Non cabe dúbida que así acontece en boa parte dos textos, pero tampouco cómpre esquecer que o traballo intelectual de Sarmiento está moi condicionado, por unha banda, polo feito de pertencer a unha orde relixiosa antiga, rica, poderosa e un chisco aristocrática –en comparanza con outras–, da que foi cronista xeral. Así como, por outra banda, por habitar desde os trinta anos na Corte, onde gozou dunha grande influencia polo seu prestixio como erudito e case sabio universal e por formar parte do círculo que apoiaba ó Padre Feijoo, a quen estaba moi unido pola amizade, por profesar na mesma orde e por ser da mesma nación. A desaparición de case tódalas cartas que se cruzaron entrámbolos dous frades constitúe unha gran perda para o estudio das respectivas biografías intelectuais e, en xeral, das correntes culturais que se ían espallando segundo discorría o século XVIII.

\* \* \*

Segundo teñen indicado G. Stiffoni e F. Sánchez-Blanco, Feijoo é, en certo modo, o voceiro oficial do reformismo moderado que Felipe V e Fernando VI, así como os seus principais ministros (Patiño, Campillo, Ensenada...), querían poñer en

práctica para saca-la monarquía do atraso cultural e material e achegala outra vez a Europa, superando a “anormalidade histórica” do século XVII. Desde o mosteiro de San Vicente de Oviedo, o bieito ourensán aplica un escepticismo non radical, pero si atrevido para a época, a diversos eidos do coñecemento, desde as ciencias experimentais ata a erudición histórica e moitas crenzas populares. Toda a obra de Feijoo está consagrada a unha tarefa pedagóxica básica, para aprenderlles ós contemporáneos a vivir nun xusto medio entre “la tenaz adherencia a las máximas antiguas” e a “indiscreta inclinación a las doctrinas nuevas”. Da súa influencia no mundo cultural, da súa capacidade para espallar ideas a través do novo procedemento do ensaio, o máis axeitado para darlle ó prelo unha erudición ampla e moi variada (P. Álvarez de Miranda), da súa consciencia da utilidade que prestaba a un proxecto cultural e político con elevados apoios, non cabe hoxe dúbida. Neste aspecto Feijoo é moi moderno e pragmático: sabe levar adiante unha operación editorial, “anómala” pola natureza e boa estrela dos seus escritos; coñece qué temas convén tratar con preferencia, de qué xeito han de se explicar e ata onde pode chega-la crítica, para deterse perante o muro das tradicións fundamentais que singularizaban e lle daban cohesión á monarquía, como era o caso da predicación xacobeá (A. Mestre; O. Rey Castelao).

O contexto político e mental do segundo cuarto do século XVIII aconsellaba unha gran prudencia á hora de publicar respecto de determinados asuntos. Feijoo combate, di Marañoñ, “contra un ejército de mitos, trasgos y milagros que corroían el espíritu empantanado de los españoles. Faena ciclópea, porque apenas había peninsular que no estuviese preso en el error, porque las autoridades más altas ponían muchas veces el peso de su testimonio al pie de los fabulosos acontecimientos; y porque –había que reconocerlo– en ocasiones el absurdo se parecía tanto a los milagros verdaderos o a la misma realidad, que el espíritu crítico de nuestro fraile se daba, de repente, de bruces contra la muralla inexpugnable de su fe o contra su propia conciencia experimental”. Feijoo non estaba tan só como supoñía Marañoñ, pero ata el as críticas ás “máximas antiguas” non saíran dos círculos eruditos dos *novatores*.

Nas maneiras de escribir, na relación co mundo editorial á hora de publicar os propios textos e na diferente atención a Galicia, Feijoo e Sarmiento, malia defendelo mesmo proxecto cultural, teñen pouco en común. E Feijoo non se pode considerar propiamente, segundo o meu xuízo, un ilustrado “galego” ou “asturiano”, dado que adoita tratar temas que lle atinxían ó conxunto da monarquía ou que interesaban a toda a “república das letras”, da que se sentía parte. Algúns autores teñen sostido que no modo de aborda-los asuntos Feijoo emprega a retransca galega, pero máis que retransca o que aparece no *Teatro crítico* e nas *Cartas eruditas* son as esixencias do procedemento do ensaio, que el non inventou pero si consagrou (P. Álvarez de Miranda., F. Sánchez-Blanco).

Desde que Sarmiento se asenta en Madrid ata pouco antes de morrer asistiu e participou nunha loita que polo menos tres grupos de intelectuais protagonizaban para impoñer na Corte, e polo tanto no conxunto da monarquía, un programa cultural concreto. A situación real é un pouco máis complexa por mor dos enfrontamentos persoais debidos ás críticas, á competencia por postos, etc., pero agora non hai ocasión para tratala polo miúdo, nin tampouco é moi necesario. Estaba, por unha banda, con Feijoo de caporal, o grupo reformista ó que pertencían Sarmiento e outros intelectuais convencidos da necesidade de facer unha tarefa de pedagogía non só entre as masas, para xebrar fe e razón e permiti-lo desenvolvemento das ciencias experimentais. Sarmiento apoiaba convencido o ensino da física experimental, das matemáticas, da historia natural así como a crítica moderada dos falsos cronicóns e das supersticións, asuntos nos que a opinión popular non podía ser tomada como criterio de verdade. En correspondencia, rexeitaba as prácticas docentes que se estilaban nas universidades e nos colexios relixiosos, baseadas nas disputas escolásticas, na copia de cartapacios e na aprendizaxe de memoria. A súa teima por converte-la asistencia ás clases –de calquera nivel– en algo agradable e por fomenta-la lectura voluntaria e divertida establecendo redes de bibliotecas, nace do coñecemento da obra de Erasmo, Comenio, de Locke, de Rousseau tal vez, e tamén da súa propia experiencia, moi negativa, dos anos que cursara en Irache (1711-1714) e Salamanca (1714-1717), onde pouco máis puido exercer que a memoria e a capacidade para polemizar verbo de extravagancias. Torres Villarroel, que estaba nesa universidade cando chegou Sarmiento, di dos docentes que: “porfían y vocean furiosamente entre ellos sin ninguna conveniencia ni utilidad pública, queriendo probar con sus gestos y patadas aquel linaje de controversias que en su idioma llaman conclusiones, donde triunfa regularmente un pecho fuerte y huecarrón, una voz campanuda y unos movimientos destemplados. No puede haber en el mundo espectáculo más enfadoso ni más ridículo que el que cada día se nos presenta en nuestros generales [aulas]; pues verdaderamente es un espantajo, el más ofensivo a los ojos y al juicio ver a un viejarrón pilongo (...) estar porfiando dos horas con ademanes de loco o endemoniado sobre si hay entes de razón, o sobre si Dios los puede hacer (...). La filosofía que nos importa (...) no se saluda en nuestros patios”. A situación incluso se agravaría cando, en 1717, se implantou a chamada “alternativa” ou rotación de cátedras entre membros das diferentes escolas teolóxicas: “apareciöse en este tiempo en la universidad de Salamanca la ruidosa pretensión de la alternativa de la cátedra y, como novedad extraordinaria y espantosa en aquellas escuelas, produjo notables alteraciones y tumultuosos disturbios entre profesores, maestros y escolares de todas las ciencias y doctrinas”.

Neste e noutros puntos Sarmiento opinaba como Feijoo, que afirmou que “mientras en el extranjero progresa la física, la anatomía, la geografía, la historia natural,

nosotros nos quebramos la cabeza y hundimos con gritos las aulas sobre si el ente es unívoco o análogo”. Na *Demostración crítico-apologética* o bieito pontevedrés fai unha defensa decidida, cun estilo algo impetuoso e con achegas persoais mediante citas de obras que consultara, dos tres primeiros tomos do *Teatro crítico* e de partes do cuarto, concordando coas ideas que o frade de San Vicente desenvolvera nos diversos “Discursos”, trataran do asunto que fose, tanto se é o que leva por título “Defensa de las mujeres” (relativo a amosar que a capacidade intelectual dos dous sexos é a mesma) como os dedicados ás “Guerras filosóficas”, ó “Amor a la patria” ou ó “Mapa intelectual y cotejo de las naciones”. Tiña motivos para saír a combate-las críticas de Salvador José Mañer e outros, pois el encargábase da edición dos diversos tomos, consultando e engadindo citas, e estaba autorizado a corrixir e modifica-los manuscritos para que non tiveran problemas coa censura. Segundo di Marañón, con relación a Feijoo, Sarmiento “fue su cónsul en Madrid, su proveedor de libros y de datos y la retaguardia poderosa que defendía sus espaldas cuando de todos lados le acometían los enemigos (...). Era, pues, el fraile de Madrid, el doble que maquinaba en la sombra el éxito de su otro yo eficaz, el fraile de Oviedo”. Na *Educación de la juventud* non deixará de advertir da inutilidade de dedica-lo tempo ás “ciencias contenciosas” no canto de estudia-las “naturales”: “y entre ellas deben entrar las matemáticas. Sólo en éstas está la verdadera lógica, y el verdadero *modo sciendi*. La lógica sólo sirve para porfiar. La matemática no da paso adelante sin demostración”. Nas universidades, di, “todo se disputa y nada se enseña sino a dar patadas y a porfiar para defender tenazmente el partido que se ha abrazado (...). No soy de dictamen de que los niños pierdan el tiempo en patear y pasear los patios de las universidades, pues sólo son escuelas de vicios y ociosidades”.

Fronte ó grupo reformista e moderado de Feijoo e Sarmiento aparece, por outra banda, outro máis numeroso, integrado por eclesiásticos e leigos, como médicos que se graduaran “a costa de sudores escolásticos”, que combaten canto poden as ideas do *Teatro crítico* e das *Cartas eruditas*, por entender que a aplicación da experiencia e da razón, mesmo a aquelas materias en principio non afectadas polo dogma, ía en contra das bases do sistema aristotélico tomista, que constituía unha concepción unitaria do mundo terreal e sobrenatural, e se se quebraba unha peza, neste caso a filosofía, pensaban que acabaría todo sometido a discusión, pois unha vez que os estudiosos comezaban a usa-la razón e a guiarse pola experiencia, axiña pasaban a non respecta-las autoridades admitidas e reverenciadas século tras século. A xerarquía tradicional dos saberes situaba no seu cumio á Teoloxía, e a Filosofía debía estar ó seu servicio como *ancilla* (escrava). Foi este un debate que durou todo o século, dado que aínda despois das reformas dos planos docentes das universidades, na década de 1770, coa introducción da física experimental e das matemáticas, os teólogos tentaron, con certo



éxito, que só os médicos cursaran as novas materias, e que o resto dos alumnos seguían coa filosofía escolástica. Como escribía Forner xa cara a fins do século, “las demás ciencias se consideraban como subalternas o como criadas de la Teología. Ésta era la reina, la señora a cuya voluntad y arbitrio debían las demás sujetar sus pasos y movimientos, y de ahí se produjo que, obligadas a seguir el impulso primordial que daba la Teología, cayeron por necesidad en el sistema escolástico (...). En suma, el genio escolástico formaba el alma de las ciencias y las artes... [y] todas ellas hubieron de someterse al sistema que se creía necesario a la Teología”.

Se o ensino da física experimental atopou no derradeiro cuarto de século grandes atrancos para normalizarse na universidade, ben pode comprenderse a novidade das propostas que desde 1726 sostían Feijoo e Sarmiento, respecto de separar fe e razón e de convence-la opinión pública da necesidade de estudar historia natural, matemáticas, medicina experimental... Propostas que parecerán hoxe moi moderadas, pero que sen embargo representaban unha importante novidade no contexto cultural español dominado pola escolástica. Ámbolos dous frades non se proclamaron inimigos públicos da filosofía aristotélico-tomista, máis ben, por prudencia, afirmaban que non militaban en ningún sistema, pero apreciaban a Bacon, Gassendi, Boyle, Locke, Newton, Boerhaave, Musschembroek..., o que é testemuño da militancia dos dous bieitos nas posicións de apertura intelectual que iniciaran os *novatores* a finais do século XVII e que estaban aínda pouco arraigadas durante o reinado de Fernando VI.

Había, finalmente, un terceiro grupo, moi pequeno, de intelectuais que estaban guiados polo valenciano Gregorio Mayans, e que de primeiras se amosaban moito máis rigorosos e esixentes na crítica, en particular na histórica, que Feijoo e en xeral que os frades bieitos, pero que antes de nada aspiraban a restauralo humanismo, “as boas letras” do século XVI. Eran bos latinistas e coñecedores dos textos históricos e xurídicos e da literatura do Renacemento; pensaban, e así o manifestaban en privado, que tradicións de moito peso relixioso e político, comezando pola da predicación xacobea, non tiñan base histórica. Non obstante, fóra destes atrevementos (declarados na correspondencia privada), o seu interese polas novas ciencias e, en definitiva, polo progreso material parece escaso e poderíase dicir que miraban máis cara ó pasado que cara ó futuro, ou, se se quere, entendían que o futuro cumpría construílo sobre todo restaurando o pasado cultural, recuperando as obras dos humanistas, principiando pola de Luís Vives, editado xunto con outros humanistas, por Mayans.

Os historiadores actuais –e en especial o profesor Antonio Mestre, grande estudioso de Mayans– teñen salientado as diferentes actitudes intelectuais dos grupos de Feijoo e Mayans, ou mellor, destes dous persoeiros, que só se semellaban no elevado concepto que tiñan de si mesmos, unha falta de modestia á que por veces tampouco foi alleo Sarmiento, que se sentía capaz de “ridiculizar” calquera que ousara contradi-

cir a Feijoo. En realidade, xa na década de 1880, Marcelino Menéndez Pelayo sinalou con tino as diferencias entre Feijoo e Mayans, e advertiu da presenza dos *novatores* a fins do século XVII, por máis que a súa obra *Historia de los heterodoxos* teña moitos erros orixinados por unha ideoloxía que lle facía ver enciclopedistas e volterianos por tódolos recunchos da península Ibérica. De Mayans, di Menéndez Pelayo, que se lle pode chamar con razón grande “no tanto por el ingenio cuanto por la sana crítica y la indomada y fecunda laboriosidad. Era en todo un español de la antigua cepa, amantísimo de las glorias de su tierra, incansable en sacar a la luz y reproducir de nuevo por la estampa las obras de nuestros teólogos y filósofos, jurisconsultos, humanistas, historiadores y poetas (...). Él aspiró en todo a reanudar la tradición y la cadena de la ciencia patria, siendo sus esfuerzos en pro de nuestra cultura todavía más simpáticos que los del P. Feijoo, porque son más castizos”. De Feijoo sinala, non sen certa retranca, que “peregrinó incansable por todos los campos de la humana mente; pasó sin esfuerzo de lo más encumbrado a lo más humilde, y firme en sus principios fundamentales, especuló ingeniosa y vagamente de muchas cosas, divulgó verdades peregrinas, impugnó errores del vulgo y errores de los sabios, y fue, más que filósofo, pensador, más que pensador escritor de revistas o de ensayos a la inglesa. No quiero hacerle la afrenta de llamarle periodista, aunque algo de eso tiene en sus peores momentos, sobre todo por el abandono del estilo y la copia de galicismos”. Aínda que certas actitudes de Feijoo lle parecen frívolas a Menéndez Pelayo, este apreciaba ó bieito (e na *Historia de las Ideas Estéticas* fíxolle loanzas sen reservas) e polo tanto non podía incluílo entre os xornalistas, unha nova profesión que consideraba formada por unha “mala y diabólica ralea, nacida para extender por el mundo la ligereza, la vanidad y el falso saber, para agitar estérilmente y consumir y entontecer a los pueblos, para halagar la pereza y privar a las gentes del racional y libre uso de sus facultades discursivas, para levantar del polvo y servir de escabel a osadas medianías y espíritus de fango, dignos de remover tal cloaca”.

Dito sexa de pasada, o proxecto cultural de Feijoo, no que participaba Sarmiento, un proxecto aberto, flexible, acomodado ás urxencias dun país atrasado e á liña oficial reformista, interesáballe ó poder político moito máis có de Mayans, elitista, erudito, pouco centrado na nova ciencia experimental e na filosofía moderna en comparación coa atención que lle prestaba á recuperación da produción intelectual española de épocas pasadas, tarefa á que, por certo, tamén contribuíu Sarmiento. O feito de que Feijoo afirmara que o coñecemento do francés era máis útil có do grego, cousa que escandalizaba a Mayans, resume as diferencias entre ámbolos dous homes. Defendendo a utilidade da obra de Feijoo, cualificada de pouco rigorosa e só divulgativa, o padre Burriel advertíalle ó polígrafo valenciano que os libros do bieito eran lidos por moita xente, e que oxalá os lesen todos: “que sean sus libros sólo para el vulgo,

siento que Vmd. lo diga (...) ¿Por ventura no siendo un libro que Vmd. tenga mucho que aprender en él de nuevo es para el vulgo? ¿Se ha de despreciar todo libro que no sea de erudición recóndita y abstrusa, aunque esté escrito con tanta gracia, con tanta amenidad y tan buen manejo de las especias como éstos? ¡Ojalá el vulgo de España fuera tal que fueran para él estos libros!” (A. Mestre).

\* \* \*

Malia ser unha especie de peón de Feijoo, de compartir lecturas e conviccións intelectuais, de gastar moito do seu tempo subministrándolle materias e argumentos para os “Discursos” e as “Cartas”, de corrixi-los textos e de defender con paixón o *Teatro crítico*, tratando con moi pouca caridade a Mañer e ós demais contradictores do bieito ourensán, Sarmiento é moi diferente do seu paisano tanto no carácter persoal como na obra que produciu. Se se me permite unha licencia ou o emprego dun anacronismo, poderíase dicir que Feijoo achégase bastante ó que hoxe é o prototipo de intelectual “politicamente correcto”, cousa que non cabe dicir de Sarmiento, polo menos desde a súa segunda viaxe a Galicia, en 1745. É certo que gozou da gracia dos monarcas, en particular de Fernando VI; que mantivo boas relacións con poderosos ministros e con outras persoas con cargos influentes (Ferrerías, Iriarte, Rávago...) e con membros da alta nobreza; que foi respectado e consultado, polo menos ata a chegada de Carlos III, e que participou de xeito activo nos proxectos culturais de recuperación das fontes históricas e literarias, non alleas ós intereses políticos da monarquía. Neste senso, o coñecemento que tiña do *Tratado de los estudios monásticos* de Mabillon (publicado en castelán en 1715) e o que aprendeu do traballo erudito doutros bieitos, como Pérez, Berganza e Mecolaeta (ó que acompañou en 1726-27 a Toledo para coñece-los fondos manuscritos da catedral), proporcionáronlle unha boa formación documental e crítica, e levárono a animar a Rávago e a Burriel no importante programa de amoreamento de fontes arquivísticas, segundo sinalou M. Dubuis. Nas preocupacións e traballos de erudición histórica, Sarmiento non está lonxe de Mayans. Fixo contribucións fundamentais á filoloxía románica e tentou que se formaran especialistas nas linguas arábicas, recomendándolle por exemplo a Casiri ó padre Rávago para clasifica-los manuscritos da Escorialense. Esforzouse co obxecto de que tódolos bieitos coñeceran a obra do admirado Mabillon, traducido ó castelán se cadra por Mecolaeta, e seguiran o exemplo dos maurinos franceses, e seguramente na súa crítica ía máis aló cós compañeiros da súa orde, que non querían chegar tan lonxe como os frades de Saint-Germain –ou os bolandistas holandeses– e permanecían nunha “crítica prudente”, como solicitaba Berganza e rexeitaba Mayans, pois o valenciano era partidario de cuestiona-las tradicións sen apoio documental (A. Mestre, M. Dubuis, O. Rey Castelao).

De calquera xeito, as censuras de Mayans a Feijoo e o carácter altivo do primeiro non lle gustaban a Sarmiento, que nunhas cartas de 1761 a J. Armona escri-

bía: “Hablemos claro. En España hay dos clases de genios que los divide una línea de poniente a oriente en australes y boreales. Aquellos son más francos y amigos de correspondencia con los extranjeros. Los boreales somos más encogidos, retirados de todo comercio epistolar (...)”. E, en clara alusión a Mayans e ás polémicas con Feijoo, dicía: “Importará dos cominos que aquel sujeto defienda que la elocuencia es *Arte* para que, estudiando el tanto en ese *Arte*, le tengan por el elocuente de España. El caso es que con sus escritos prueba lo contrario, pues hasta ahora no ha podido persuadir que aprecien, compren y lean sus *apéndices de libros* (...); no le quito su mérito, pero bien seguro es que yo no le he de preguntar cosa alguna para mi *instrucción*. Su genio y el mío son totalmente opuestos. Él se derrama en cartas a todas partes, yo aborrezco este género de la literatura y de *filautia*”. (J. L. Pensado). Sarmiento retrucáballe a Mayans coa mesma nota que este empregara contra Feijoo nas *Acta Eruditorum* de Leipzig, onde escribira con malicia que os libros do bieito eran admirados por rudos e ignorantes e que estaba dominado “en gran manera de filautia [egolatría]”.

Como ten indicado Ramón Mariño, mesmo as investigacións de Sarmiento verbo do galego, o seu interese polas etimoloxías e as queixas pola inexistencia de gramáticas e dicionarios da nosa lingua, non son asuntos alleos ós traballos da Real Academia ou “Academia Real de la lengua castellana” –como el a denomina nalgúns escritos–, que publicou a partir de 1726 o *Diccionario*, cun “discurso proemial sobre ortografía”, en 1741 unha *Ortografía* e en 1771 unha *Gramática*, para codificar e reforza-la posición do castelán. Principalmente arredor da ortografía tiveron lugar grandes debates, pois uns sostían que había que seguir criterios etimolóxicos e outros, fonéticos. No *Fray Gerundio* do padre Isla aparecen tres mestres de escola, que tiñan opinións distintas, e o abate Gándara, ó redor de 1760, afirmaba que “sola la pronunciación debe ser la regla del escribir; y a la pronunciación y sonido de todas y cada una de las letras o caracteres de nuestro abecedario deben prescribírseles preceptos fijos, uniformes y generales, sin excepción alguna de casos y significados, y con exclusión absoluta de todas las consonantes que actualmente escribimos y no pronunciamos” (P. Saavedra e H Sobrado).

Non cabe dúbida de que Sarmiento coñeceu ben eses debates, pois fixo contribucións fundamentais ós estudos etimolóxicos, á orixe das linguas románicas e da poesía española, e confesaba con humildade que a única lingua que coñecía ben era o castelán: “sólo he mamado la lengua gallega, que, con ocasión de venir a tomar el santo hábito, olvidé casi del todo y me di a la lengua castellana. De la lengua latina sólo sé el chapurrado que me enseñaron al uso del país. De la griega sé muchas voces sueltas, y tales cuales de la hebrea. De la arábica sólo sé algunas voces que se conservan en castellano y andaluz. Por la lectura de libros franceses e italianos sólo adquirí el entenderlos. De manera que, ajustadas cuentas, ninguna lengua poseo sino el castellano

vulgar, que hablo, leo y escribo sin aliño particular”. Os avances na codificación do castelán, cada vez máis reforzado no plano político, e a importancia que moitos ilustrados –entre eles Sarmiento– lle daban á alfabetización motivaron que o bieito pontevedrés se decatara das desvantaxes que, neste novo contexto político e cultural, tiña o galego, e tentou remedialas con diversas propostas (R. Mariño e A. Santamarina).

Pero aínda que estivera ben relacionado na Corte e participara de xeito salientable en proxectos culturais de carácter oficial, Sarmiento, dicíamnos, afástase moito do modelo de intelectual cortesán. A súa negativa a entrar no “comercio” ou vida social literaria e política, que ten moito que ver coa resolución de non publicar, deu lugar a críticas e a burlas. Dalgún xeito para combatelas escribiu en 1758 *El porque sí y el porque no*: “A muchos he dado razón de mi total retiro el que no me podía acomodar al lenguaje político ni al ceremonial del gran mundo. Cansado ya de dar razones y de no ser oído, tomé el pueril arbitrio de responder a los que con importunidad me instaban...”. Señala que “yo soy en boca de todos, con distribución acomodada, un hombre ridículo, duro, adusto, tético, hipocondríaco, insociable, seco, serio, desabrido, incomunicable, melancólico, intratable, indómito, terco, tenaz, testarudo, huraño, incivil, inurbano, descortés, grosero, inmanejable, voluntarioso”, en resumidas contas, un “nuevo misántropo en Madrid”. Tenta demostrar que el non é un *hipocondríaco*: “yo vivo muy alegre solo, porque puedo vivir en compañía”, e rexeita a farsa na que se asenta a vida social, en particular en Madrid, unha verdadeira “Babilonia”, na que abundan os ociosos, excomungados, fugados, ladróns, abates...: “El mundo siempre ha sido el mismo, y en los lugares muy populosos, con título de política, urbanidad, cortesía y cumplimientos, siempre ha reinado la falsedad, la alevosía, la estafa, la engañifa”.

Sarmiento é inimigo da sociabilidade propia da Ilustración: os salóns, as academias e demais confrarías, e mesmo o contacto epistolar son cousas que o anoxan. El non vai visitar a ninguén e á tertulia da súa cela deixaba entrar só a unhas poucas persoas de plena confianza; recibía moitas cartas, pero unicamente lle daba resposta ás dos amigos ou ás de correspondentes que lle parecían sinceras: “las cartas son muy semejantes a las visitas, pues son unas visitas por correo (...) ¡Ojalá no hubiese recibido y respondido a tantas!, y tendría más dinero para mis libros, más tiempo para leerlos y más quietud interior para meditarlos”. A meirande parte das cartas que recibía considerábaas inútiles e custosas, dado que era el quen tiña que aboa-la posta: “y ¿será posible que haya llegado a tanto la fatuidad que me quieran persuadir que es cortesía recibir, pagar, leer y responder a este género de cartas?. Si eso es cortesía, vivo muy arrepentido de haber sido tan cortés a mi costa. Es verdad que hace ya años que abandoné aquella fatua cortesía, en todo o en parte”. E remata a xustificación do seu comportamento recoñecendo: “no tropezaré en conceder que mi genio, por sen-

cillo, real y claro y enemigo de embustes, y que mi conducta en tanto y abstracción del comercio humano, más es para vivir en un desierto que en Madrid”. De feito, nun deserto viviría feliz, “sin impertinencias de visitas, memoriales y cartas”, e podería tentar acada-la *sanctitas* (difícil de lograr nunha Babilonia como Madrid), *sanitas*, *sapientia*, *societas e sustentatio*.

A súa repugnancia a aceptar nomeamentos de academias, xuntas e demais sociedades ilustradas era “invencible” e levouno a escribir cartas de pouca cortesía. Así, en 1765, explicoulle ó intendente de Galicia, o marqués de Piedra Buena, “alguna de las razones que me asistían para esta repugnancia invencible de agregar mi tal cual entendimiento y tales cuales estudios a cuerpo alguno, o de academia, o de colegio, o de congreso, o de compañía, o de cofradía, o de universidad, o de junta... Persisto en esta negativa, y redondamente afirmo que no admito ni acepto el nombramiento [de membro da Academia de Agricultura do Reino de Galicia]”. As academias eran, para el, centros de “charlatanería”, nas que se trataban cousas que tiñan pouco que ver coa realidade. Con ironía conta na *Obra de los 660 pliegos* que “cuando yo estaba escribiendo el principio de esta obra (c. 1762) se levantó en Madrid una voz, común en todas las conversaciones, sobre la agricultura, población y comercio. No se oía hablar sino de agricultura, otros de población y otros de comercio. Daca la agricultura. Toma la agricultura. Yo no podía contener la risa viendo que a tantas voces de la agricultura no había cosa real que le correspondiese”. Noutro momento afirmará que “para la agricultura práctica de Galicia sólo se deben consultar los labradores de gabán y polaina; para la agricultura especulativa no deben tener voto alguno los que no saben la física experimental, la historia general de Galicia en sus tres reinos, y antes de todo la lengua gallega antigua y moderna, para conocer los nombres peculiares de los mixtos y vegetales, sin lo cual todo va en el aire”. Fronte ós discursos teóricos, tan do gusto do século das academias, el agárrase ás cousas concretas. Resulta a este efecto moi ilustrativa a explicación que dá do que entende por público: “no el público imaginario, sólo de voz, que se reduce a que los que más clamorean el bien público jamás piensan, aunque puedan, sino en su solo interés, para acumular caudales y fundar pingües mayorazgos (...). Entiendo aquí por público la colección de *todos los vecinos* de una feligresía” (J. L. Pensado, F. Dopico).

\* \* \*

Pero Sarmiento non só se afastou das posturas predominantes entre os medios culturais do século XVIII polo seu rexeitamento das formas de sociabilidade pública de salóns e academias; a súa actitude con respecto ás linguas non “dominantes” e, en xeral, a paixón con que defendeu todo o que lle atinxía a Galicia convertérono case nun heterodoxo dentro das elites da España da época. Xa na *Demostración crítico-apologética* consagroulle algúns parágrafos a combater tópicos que corrían a propó-

sito dos galegos, tratados a miúdo de rudos. En Galicia, di, “sucede lo mismo que en otras partes: los de buen entendimiento, que no pueden, por particulares motivos, seguir el curso de las letras quedan iliteratos, pero de una razón natural despierta, aunque sean vulgares. Otros que, no teniendo prendas intelectuales, los guía el acaso o el interés por aquella carrera, siempre quedarán tortugas, por más que aspiren a ser águilas, a trueque de tener a mano libros y plumas de ganso. Esto sucede en Galicia y en todo el mundo”.

Non obstante, é na súa segunda viaxe a Galicia, en 1745, cando realmente descobre a riqueza cultural e en definitiva os trazos diferenciais do país. Na *Obra de los 660 pliegos* confesará que “siendo así que soy de Galicia por todos los costados, sabía más de la China que de mi país originario. Pasé a aquel reino en mayo del 45, con el Santo Jubileo, no habiendo estado en él en 35 años más que dos o tres meses de paso el año 25 (...). Privado de mi celda, mis libros (...) y absorto con tanto mar, ría, montes, valles y diversidades de horizontes, quise suplir, a puras preguntas, lo que no podía leer ni hallaría en mi librería, aunque bien numerosa. Así preguntaba a todo trapo al primero o primera que se me ponía delante”. Noutra alínea lembra que para a viaxe levou un libro “en cuarto y en blanco”, para apuntar nel os lugares, plantas, peixes, aves...: “También me fecundé de muchas voces gallegas vulgares (...). Con esta ocasión me aficioné infinito a la Historia Natural, a la Botánica y a la lengua gallega, y a averiguar el origen y etimología de cada voz gallega, reduciéndola al latín. El año de 1730 escribí sobre las etimologías de las voces castellanas, sin pensar en las etimologías de las voces gallegas hasta 1745”. (J. L. Pensado; J. Santos Puerto).

Moito tivo desde logo que preguntar, de viva voz ou por escrito, pois o coñecemento que chegou a ter de Galicia non deixa de causar admiración se se ten en conta que da viaxe de 1725 non semella ter sacado gran proveito e desde 1745 só volveu outra vez, dez anos despois. O redescubrimento de Galicia levouno a decatarse da importancia que no pasado tivera unha lingua desprezada no século XVIII: “Desde el dicho año de 1710 nunca hablé, ni leí, ni escribí tres periodos en lengua gallega, y en cuanto a leer, apenas sabía que hubiera monumentos escritos en ese idioma, hasta el dicho año de 45 que vi infinitos pergaminos y papeles, y leí tal cual por curiosidad”. Tratou entón de pescuda-las razóns polas que se abandonara o uso do galego nos documentos: “No pocas veces he pensado en cual ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano, lo que antes se escribía en latín o en gallego. No hay género de escritura, testamento, donación, venta, contrato, foro, arriendo, compra, trueque, partijas, etc., que yo no haya visto o leído en Galicia o en latín o en gallego, y sé que se pueden cargar carros de estos instrumentos que se conservan en Galicia. No habiendo pues precedido ni concilio ni cortes, ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, otorgar, comerciar en lengua castellana

¿quién la introdujo? La respuesta está patente, que Galicia llora y llorará siempre: no los gallegos, sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que, por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los empleos eclesiásticos”.

A viaxe de 1745 serviulle tamén para facer unha nova valoración da súa infancia, a propia dun neno que non mamara outra lingua que a familiar, pero que fora educado nun idioma que non comprendía, co que só aprendera “necedades mágicas”: “porque me hicieron estudiar de memoria cosas que no supieron explicarme, y en idioma que no podía entender”. A reflexión sobre a propia experiencia da aprendizaxe en castelán das primeiras letras e da gramática, acompañada de lecturas de textos relativos á educación dos nenos e ó proceso de formación dos coñecementos (Erasmus, Rabelais, Comenio, Locke...), levouno a defender con teima e con rigorosos criterios pedagóxicos a necesidade do ensino na lingua materna, tema que tratou en diversos escritos. O convencemento que tiña ó respecto pódese comprobar na carta que lle enviaba a Pontevedra a seu irmán Xavier, dándolle consellos para a educación de *Alfonsiño*: “y quiero que se le enseñe la *lengua gallega* con especial cuidado; además de que debe *charlatear* con los otros niños. No pienses en que *castellanice* hasta que sepa bien, y con extensión, el gallego. No le enseñes voz alguna *gallega* cuyo significado no toque con algún sentido exterior (...). Es una desalmada necesidad poner los *niños gallegos* a la *xerga* de la Gramática antes de saber, con mucha extensión, la *lengua gallega* (...). Hazte cargo que al portugués se le enseña el latín en portugués. Al francés en francés (...). Al sueco en sueco. Al *castellano*, sólo en castellano. Pues ¿que tiranía es que al gallego no se le enseñe en gallego el latín? ¿Que fatuidad es que al niño gallego se le enseñe una lengua ignota en lengua castellana que no entiende? Había de quemar todo libro de gramática que pasase a Galicia, y que no estuviere explicado en lengua gallega” (J. L. Pensado).

A defensa da ensinanza en lingua materna vai unida a outras propostas pedagóxicas novidosas, estudadas por Angeles Galino, Antón Costa e J. Santos Puerto. Sarmiento converte ó neno no centro dun proceso educativo, que debe ser empírico, comezando por favorece-la curiosidade natural dos rapaces polo que poden ver e tocar. O oficio de mestre deberían desempeñalo persoas capaces, coñecedoras da psicoloxía infantil e preparadas a nivel didáctico para acomodarse ós alumnos –a cada un deles–; unha tarefa nada doada ou moito máis difícil –e importante– cá docencia en niveis superiores: “Nunca podrá ser nimio el cuidado que se podrá poner a los principios para que la educación de la juventud no salga torcida. Sale torcida, por lo regular,



por tres rudezas que la acompañan: rudeza del niño, rudeza del maestro y rudeza del método. La rudeza de los niños no es tal, ni tanto, ni tan universal como se supone en algunos. La rudeza de muchos que quieren hacer de maestros es mayor, y más general de lo que se piensa. La rudeza del método (...) es cruel y sanguinaria tiranía con los niños, por el diabólico y falso aforismo de cómitres y verdugos: la letra con sangre entra (...). La rudeza de los niños es equívoca, pues como son arcas cerradas, ninguno puede hacer juicio exacto de los talentos ocultos (...). Por esta razón, deben poner todo cuidado y diligencia los magistrados para hallar y asalarar un buen maestro que les sepa educar bien a su juventud. Importa dos cominos que un maestro de teología sea o no docto, pues sus discípulos ya no están en estado de preocuparse con los prejuicios del maestro. Todo al contrario sucede con los niños, que beben y creen toda cuanta necedad les dicta el maestro rudo. Con eso comienza ya torcida la primera enseñanza de los niños” (J. Santos Puerto).

Nun traballo publicado en 1996, o hispanista francés François Lopez apunta a posibilidade de que o ensino das primeiras letras se fixese en Galicia en galego, cousa que explicaría que os nenos chegaran ó estudio da gramática sen coñece-lo castelán, pois entende que as propostas de Sarmiento van dirixidas a este nivel educativo. Pero non cabe dúbida de que o idioma empregado para as primeiras letras e para a gramática era o castelán (e tamén o latín, pois os xesuítas ensinaban o latín como unha lingua viva). Outra cousa é que houbera mestres incapaces de domina-la lingua castelá, e que para aprender a ler se valeran de materiais manuscritos, os chamados “procesos”, pola falla das “cartillas” e “catóns”, empregados na coroa de Castela. Así o testemuña o crego Juan Antonio Pose, cando conta o que acontecía na comarca de Vimianzo arredor de 1770: “a la edad de nueve años, me enviaron a la escuela de un maestro llamado Caberto. Era éste hombre de humor y taciturno, pero humano, y aunque usaba de palmas y correas era con bastante moderación y suavidad, afectando intimidar (...). El cristo y los silabarios eran escritos de su mano, porque allí no había cartillas impresas; de manera que en mi país primero se aprende a leer lo manuscrito que lo impreso, y se tenía esta lectura por más fácil” (P. Saavedra).

A defensa que Sarmiento fai do galego no ensino primario e da gramática, e en xeral da dignidade da lingua galega, non tiña para el as implicacións políticas que máis tarde se lle puideron atribuír. As súas propostas pedagóxicas forman un todo coherente, desde a lingua a empregar ata a atención á psicoloxía infantil e ás calidades que deberían posuí-los mestres. A valoración que fai da infancia como etapa fundamental na que a persoa está en condicións de recibir unha chea de influencias que se van deixar sentir no resto da vida, sitúan ó bieito como un pioneiro da pedagogía. Hai que recoñecer que ía tan por diante da realidade que se achegaba á utopía, dado que consideraba que o ideal era un mestre para cada neno, ou para non máis de

tres, e que esixía para a profesión docente capacidades daquela inalcanzables. Pero el quería superar unha situación que lle parecía escandalosa: escolas nas que en ocasións se xuntaban ducias e ducias de alumnos de moi diferentes idades (“que sean cien o doscientos, a todos los enbanastan, como sardinas en una sala y debajo de un solo maestro”, cando se trata de fillos de pobres); mestres que se dedicaban ó ensino como segunda profesión, pois eran labregos, sancristáns, barbeiros; emprego constante de castigos físicos, no canto do estímulo, de xeito que os nenos axiña remataban odiando todo o que lle atinxía ás letras: “y los maestros de niños baten el compás, con una vara de avellano, repasando las tiernas cabezas de los niños, al modo que el cómitre con el corbacho repasa las espaldas de los galeotes” afirma, e tamén: “diremos lo que he dicho y escrito muchas veces: que no sé con que conciencia se castigan los niños porque no saben aprender, y jamás se castigan los maestros porque no saben enseñar (...). Libertados los niños que demostrasen tener genio para las letras de los dos terribles y tremendos espantajos: de estudiar de memoria y a la letra y de el cruento castigo por quítame allá esas pajas, yo fío que los niños entrarán muy gustosos en cualquier estudio, por difícil que sea, si se les sabe enseñar con método...”.

A ratio nenos/mestre que propón como ideal e as condicións que lles pide ós docentes poderían facer pensar que Sarmiento quería unha escola socialmente restrinxida. Sen embargo, como sinala J. Santos Puerto, escribiu en varias ocasións que tódolos nenos deberían dispoñer da oportunidade de aprende-las primeiras letras, e os que tivesen capacidade intelectual, aínda que non recursos económicos, debería poder continuar coa gramática e outros estudos: “No digo que los hijos de los labradores no estudien. Con esto aprobaría una necia y bárbara tiranía en el reino racional. Tan hombre es el hijo del labrador como el hijo del Gran Turco, y tanto, o acaso más, racional que el”, e “es razón que a todos se enseñe a leer, escribir y contar, según el uso común. Pero no es conveniente que a todos se ocupen como que han de seguir la carrera literaria contra la voluntad”. Cómpre lembrar asemade que nas “Reflexiones literarias para una Biblioteca Real y para otras Bibliotecas Públicas” apoiaba a creación dunha rede de bibliotecas que lles permitiran ter acceso ós libros a aqueles que non tiñan diñeiro para mercalos: “Pero el pensamiento de las bibliotecas públicas le juzgo tan oportuno y necesario que jamás desistiré de él. Son innumerables los españoles de sutil ingenio y de una vasta capacidad para todo que, por falta de excitativo atractivo y ocasión, viven ociosos y aún ignorantes de que viven así (...). Lo cierto que si en los lugares que pican mil vecinos se fundasen bibliotecas, habría en ellos menos ocio”. Parécelle escandaloso que “algunos lugares populosos tengan teatro público para comedia, plaza formada para corrida de toros (...) y no haya alguna casa pública en que se ejercite la racionalidad y la juventud”.

En troques, parece que Sarmiento se ocupa da educación dos nenos, máis ben que da das nenas, cousa que non deixa de chama-la atención despois de ter defendido a igualdade dos homes e mulleres no tocante á capacidade intelectual (non, desde logo, no referido ás funcións sociais) e de ter exposto incluso que moitas diferencias entre os dous sexos tiñan a súa orixe na educación e non na natureza. En tódolos textos pedagóxicos que podemos consultar, el fala dos nenos, e a seu irmán Xavier dálle consellos para educar a *Alfonsoño*, sen dicir nada ó respecto de *Matildiña*. Neste último caso está pensando tamén nos estudos de Gramática, e podería sospeitarse, pola contra, que cando fala da conveniencia do ensino primario para tódolos nenos inclúe asemade as nenas, dado que ó tratar da aprendizaxe da doutrina, única cousa que se debía memorizar sen entender, menciona só ós nenos, e non cabe pensar que excluía ás nenas da catequese. De calquera xeito, a súa posición neste terreo queda pouco clara.

Á marxe das discusións que se poidan presentar arredor da extensión social e sexual que Sarmiento quería para a educación primaria, non cabe dúbida de que as súas propostas, de terse aplicado, representarían un verdadeiro cambio cultural en Galicia. Nunha época na que, por razóns diversas, estaba aumentando a dotación de escolas por iniciativa de eclesiásticos, comerciantes, fidalgos e comunidades de veciños, sen que existira un corpo de mestres preparados nin materiais pedagóxicos apropiados; cando se incrementaban as porcentaxes de persoas capaces de asinar, sen que haxa evidencia de que logo tiveran habilidade para escribir, porque procedían dun medio cultural monolingüe galego e o castelán lles resultaba alleo, o proxecto de Sarmiento serviría para normalizar e dignifica-la lingua e para axusta-lo mundo da oralidade e o da escritura, derrubando as barreiras lingüísticas que se agrandaban entre ámbolos dous universos. (P. Saavedra, M. Sanz. O. Rey).

E máis aló de todo iso, non se pode esquecer que foi un intelectual alleo a determinados prexuízos lingüísticos, como teñen sinalado Antón Santamarina e Ramón Mariño. Considerou o galego ó mesmo nivel cás linguas “dominantes”, segundo a súa propia terminoloxía; reclamou o seu uso no ensino e na escritura, cando se perdera había séculos; decatouse das diversidades dialectais da lingua, pola falla dun código normativo e da “nobreza” que representaba a existencia de textos publicados (aínda que recoñecía que a oralidade tiña vantaxes de cara á innovación lingüística); denunciou as elites que abandonaban a fala do país, porque a lingua se fora convertendo en Galicia nun importante factor de diferenciación social. Paga a pena, respecto disto, citar un parágrafo que non perdeu actualidade senón, que, pola contra, a foi gañando co tempo: “¿Y que diré de algunos gallegos que también hablan como papagayos en idioma nativo y que, como tales, se ríen de sí mismos? Digo que estos *apóstatas de la lengua* han sido los que principalmente han ocasionado que yo tomase la pluma para increparlos o para instruirlos. No digo que puestos en Castilla hablen gallego. Digo

que estén donde estuvieren y aunque sepan diez o doce lenguas no deben olvidar la que han mamado. Y con razón, por ser ella la que, bien entendida y penetrada, abre un inmenso camino para entender el latín, el castellano y otros dialectos vulgares de la lengua latina”.

Levantou tamén a voz en contra da xerarquía eclesiástica por permitir que cregos que non coñecían a lingua acadasen a rectoría dunha parroquia. Neste punto, Sarmiento é o único autor coñecido ata hoxe que, de xeito explícito e concreto, denunciou as barreiras que a lingua representaba para o exercicio da predicación e da administración dos sacramentos, pois moitas peticións das elites locais solicitando que os empregos eclesiásticos se lles deran a naturais teñen pouco ou nada de reivindicación cultural: “No sé como toleran los obispos -escribe o benedictino- que curas que no son gallegos ni saben la lengua tengan empleo *ad curam animarum* y, sobre todo, la administración del santo sacramento de la Penitencia. ¿Que es el coloquio de un penitente rústico y gallego y un confesor no gallego sino un entremés de sordos? Son innumerables los chistes vergonzosos que se cuentan de esa inicua tolerancia (...). El verbo *trebellar* en gallego, de *tripudiare*, siempre significa *in malam partem* y dista cien leguas del honesto verbo *trabajar*. Confesor castellano ha habido que hasta después de muchos años estuvo en el error de que lo mismo era el *trebellar* gallego que el *trabajar* castellano. Y a los penitentes que confesaban que habían *trebellado* tantas veces, les decía que en días festivos sólo podían *trebellar* una hora, pero en días sueltos podían *trebellar ad laudes et per horas...*”. Cando a utilización dunha lingua determinada non tiña as implicacións políticas de tempos máis recentes, chama a atención a soidade do testemuño de Sarmiento nun asunto tan central como era o da predicación, da catequese e da administración dos sacramentos, pois parece que a xerarquía eclesiástica nunca se cuestionou, por exemplo, a necesidade de editar un catecismo en galego. As posibles explicacións deste problema deberán quedar para outra ocasión.

Non é preciso insistir en que a posición de Sarmiento verbo do emprego das linguas non dominantes ía, na España do século XVIII, en contra da opinión das elites, incluídas as periféricas, que defendían a xeneralización do castelán: é o caso de Gregorio Mayans, de Capmany, de diversos bispos cataláns (aínda que usaran o catalán para a pastoral), da Real Sociedade Económica Vascongada de Amigos do País... Se ben, Sarmiento non estaba por completo só: Ros en Valencia, Baldiri Reixac e Ullestra en Cataluña e o padre Manuel de Larramendi en Guipúscoa reclamaron o uso das respectivas linguas vernáculos na docencia e na escritura. Sarmiento e Larramendi denuncian situacións semellantes: “los más de los maestros no nacieron en Galicia, ni hicieron estudio de la lengua gallega, y castigaban a los niños que soltaban alguna voz o frase gallega, como si había dicho una herejía”, di o primeiro, namentres o xesuíta vasco se laia de que “hasta en las escuelas de niños se aprende a leer y escribir en cas-

tellano, y nada en vascuence, y aún con errada conducta se prohíbe a los muchachos hablar en lengua materna” (F. San Vicente Santiago).

En comparanza con Cataluña e aínda co País Vasco, Sarmiento atopábase en desvantaxe, pois defendía a normalización dunha lingua que era a única coñecida para a meirande parte dos galegos, pero socialmente pouco apreciada, mentres o catalán ensinouse e escribiuse durante todo o século XVIII, e se o euskera recuaba, gozaba sen embargo dunha consideración superior á do galego porque contribuía a fundamentalo réxime foral das “provincias exentas”. Neste aspecto Sarmiento amósase menos apaixonado e máis rigoroso, como filólogo, que Larramendi, xa que o bieito galego considera que tódalas linguas son iguais, e abandonou axiña as explicacións da “confusión de Babel” para os seus estudos sobre a orixe das diversas falas (A. Santamarina). De calquera xeito, uns e outros puideron comprobar como a política docente dos ministros de Carlos III ía en contra do que eles querían, pois unha coñecida Real Cédula de 23 de xuño de 1768 proclamaba que a uniformidade da lingua contribuía de xeito decisivo á unidade das diversas provincias da monarquía, e, xa que logo, “es asunto esencial sobre el que debe trabajar todo gobierno para que depuesto todo espíritu provincial se subroge en el laudable de patria o nación”. En consecuencia, a cédula dispoñía que “las enseñanzas de primeras letras, latinidad y retórica se hagan en lengua castellana, donde quiera que no se practique, cuidando de su cumplimiento las audiencias y justicias, recomendándose por mi Consejo a los diocesanos, universidades y superiores regulares para su observancia y diligencia en extender el idioma general de la Nación para su mayor armonía y enlace recíprocos”.

A orde ía dirixida principalmente a Cataluña e Baleares, pois en Galicia e nas provincias Vascongadas e Navarra as primeiras letras ensinábanse en castelán, e tiña máis valor como manifestación da vontade política de levar adiante un determinado proxecto, logo continuado, que pola súa efectividade a curto e medio prazo, xa que as taxas de escolarización non acadaban en 1797 o 20 por cento dos nenos nin o 10 por cento das nenas, a pesar das novas dotacións para pagar a mestres que foran aparecendo. No Antigo Réxime o ensino primario non foi un mecanismo decisivo de castelanización; si tivo maiores efectos, a este respecto, a actividade dunha administración, civil e eclesiástica, cada vez máis presente a nivel local, e tamén o aumento da mobilidade da poboación e das relacións comerciais. A alfabetización elemental pode considerarse ó mesmo tempo un factor de ilustración e antiilustración, pola función que desempeñaba de cara á catequización dos nenos e por capacitar para ler mal que ben os papeis de maior circulación, caso de romances, novenas e outros de natureza “tradicional”, rexeitados polos ilustrados.

A súa gran sensibilidade e o valor que daba á observación das cousas concretas permitíronlle ademais a Sarmiento apreciar a riqueza da cultura popular e os meca-

nismos da súa creación e renovación, afastándose tamén neste aspecto da maioría dos ilustrados, partidarios do “bo gusto” (D. Blanco). Abondará con lembrar, a modo de exemplo, o que di das mulleres pertencentes á clase de “rústicas y aldeanas, que siempre andan en el campo si son de tierra adentro, y si son de puertos de mar alternan en el campo y en los arenales”: “Son incansables en cantar cantiñas gallegas puras naturales, y no poco expresivas (...). Ellas mismas hacen las coplas, inventan los tonillos y aplican el canto, que es muy singular y suave en la modulación”. Tamén procurou aprender dun “creador popular”, chamado Marcos da Portela : “era labrador y jornalero y trabajaba en casa de mis padres muchas veces. Por eso yo le conocí y traté mucho, y me gustaba por su viveza y genio festivo (...), y siempre procuré verle y divertirme con el”.

A posición que o bieito galego mantivo no eido da filoloxía e da pedagogía con respecto ás linguas familiares non dominantes constitúe unha das razóns da escasa atención que aínda hoxe se lle presta á súa obra nos textos de historia da educación e, en xeral, nos dedicados á ilustración española, pois xa fai anos que parte dos seus escritos están a disposición dos estudiosos. Algúns, como Maravall, tachárono de “radical” e inxenuo: o padre Sarmiento, di “es un acérrimo partidario de la enseñanza en lengua nativa, como lengua de estudio, incluso para los más alambicados conceptos de la ciencia (...). Con un radicalismo sorprendente y que está en contradicción con el pensamiento ilustrado afirma: «de modo que las verdades científicas, en las cuales se ha de fundar al joven, las ha de saber no en otra lengua que la natural y vulgarizada». Y en consecuencia, Sarmiento piensa que enseñar es hacer aprender al alumno el mayor número de voces, relacionándolas con sus objetos. De lo que se trata es de que se haga aprender al niño miles de voces que son nombres de las cosas visibles e invisibles. Sólo así, supone Sarmiento con la más estupenda ingenuidad, no se reducirá a decir las palabras ajenas como un papagayo”. Maravall simplifica as ideas pedagóxicas do bieito e no canto de cualificalo de “radical” podería recoñecerlle a coherencia. Seguramente ten razón no de que era inxenuo, como tamén o eran outros contemporáneos que rematarían formando parte do que Ernest Lluch chamou “as españas vencidas do século XVIII”.

\* \* \*

No ámbito da filosofía, da educación, da filoloxía, da crítica histórica e das ciencias experimentais, Sarmiento asumiu, ás veces dun xeito atrevido, as ideas ilustradas, o que non quere dicir que saíra da ortodoxia católica. Ó revés, como bo frade, sometíase gustoso ás regras da orde e queixábase do espallamento de “los más impíos e infames escritos que han abortado las prensas desde que se inventaron”. Defendeu con paixón o estudio e o ensino da historia natural, da botánica e das matemáticas, e J. Santos Puerto ten sinalado recentemente que pode ser considerado como un dos intro-

ductores de Newton en España (fai mención del na *Demostración crítico-apologética*, e tiña na súa biblioteca un exemplar da edición en latín de 1713, de Cambridge, dos *Principia*). Das súas propostas pedagóxicas e filolóxicas algo quedou dito. Intentou asemade reforma-lo sistema de estudos da propia orde bieita, de acordo coas esixencias que establecía Mabillon no *Tratado de los estudios monásticos*, obra que apreciaba extraordinariamente e que lle serviu para formarse na crítica histórica segundo indiquei páxinas atrás. Foi ademais un gran bibliófilo. Nas “Reflexiones para una Biblioteca Real” escritas en 1743, queixase da falla de profesionalidade dos libeiros, do pouco desenvolvemento do “comercio literario” (quería facer de Galicia un centro de edición e exportación de libros) e da venda de libros que eran verdadeiras xoias e que saían case regalados para o estranxeiro. E no “Catálogo de algunos libros curiosos y selectos, para la biblioteca de algún particular que desee de tres a cuatro mil libros” de 1748, amosa un bo coñecemento das grandes obras e coleccións publicadas en Venecia, Roma, Lión, París, Holanda e Alemaña. Tratou con libeiros españois e estranxeiros que andaban por Madrid, e mercou ó longo da súa vida, cos ingresos de traballos diversos e co que lle rendeu a venda da *Demostración crítico-apologética*, uns 7.500 volumes, correspondentes a títulos que non estaban na biblioteca do seu convento. O catálogo de 1767 dos libros que tiña *ad usum* na súa cela, analizado xa hai tempo por G. Stiffoni e agora máis polo miúdo por J. Santos Puerto, pon de manifesto a súa afección pola historia e pola xeografía (1.472 volumes, o 27,7 por cento do total), polas ciencias e as artes (1.076 volumes, o 20 por cento, contando as *Actas* das Academias e outras publicacións periódicas), pola literatura, pola filosofía e a filoloxía comparada (1.800 volumes, 259 deles gramáticas e tratados de linguas clásicas e romances). Rexeitaba con renitencia a nova filosofía “deísta, ateísta e materialista”, pero tiña licencia para ler libros prohibidos e de certo tivo nas mans algúns que lle farían persignarse e que quería ver queimados. Era, en resumo, segundo advertiu Pilar Allegue, “un intelectual crítico e informado”.

Pero na concepción que tiña de cómo debía funciona-la economía e organizarse a sociedade, Sarmiento amosouse moi tradicional, condicionado case por completo pola súa pertenza á orde bieita, posuidora de importantes e ricos mosteiros en Galicia. A asunción por parte de Sarmiento de “la obra demoleadora de la crítica filosófica y contemporánea”, constitúe un gran contraste co seu “castizismo a ultranza en outros aspectos”, tal como sinalou en 1953 a profesora Angeles Galino, empregando adxectivos algo esaxerados, debido á conxuntura política e cultural na que escribía. No terreo económico o discurso de Sarmiento é, en verbas de Fausto Dopico, “anticapitalista, antiurbano, antimonetarista incluso”. Concédelle un lugar central á agricultura, que debería estar ó coidado de pequenos cultivadores que recollenen o necesario para

manterse, paga-las rendas e facer pequenos intercambios. As grandes desigualdades sociais vinculadas ós latifundios parecíanlle ruinosas e causantes de despoboamento. Soubo apreciar-las relacións que existían entre recursos agrarios, nupcialidade e fecundidade, dado que a pobreza era orixe do celibato e, cando non, as parellas sen medios económicos procuraban absterse da procreación por diversos procedementos. Fixo afirmacións ateigadas de sentido común e outras afastadas da realidade. Así, escribiu que “más útil ha sido a España la primera espiga de maíz que se ha traído de la América para sembrarla, que todo el cerro del Potosí. Reflexiónese en la utilidad que tenemos no sólo con el maíz, sino también con los tomates, pimientos, tabaco, pavos, etc., y se palpará lo que digo”. Pero tamén afirmou que a agricultura galega non cambiaba nada de avós a netos, e todo porque os labregos non lían libros de agrónomos... De calquera xeito a evolución económica do século XVIII, co desenvolvemento urbano, o aumento dos intercambios e da industria non se acomodaba, precisamente, ós desexos do bieito.

Como algúns arbitrarios de finais do XVI e do XVII, Sarmiento aborrecía que uns poucos o tiveran todo e moitos non tiveran nada, pero non cuestiona a xerarquía estamental. Si, en troques, “a súa degradación debido á irrupción dunha mesocracia ociosa e cobizosa, non xustificada pola nobreza de sangue dos vellos señores nin pola tarefa social e o poder moderador do estamento relixioso” (F. Dopico). As miserias do campesiñado e as dificultades dos mosteiros terían a súa causa no comportamento de multitude de empregados da administración real e local, dos escribáns e da mesma fidalguía “intermediaria”, xa que entre todos formaban unha camándula de parásitos, ladróns e samesugas. Para referirse a eses grupos case esgotou Sarmiento os dicerios do castelán e tamén botou man dalgún chiste, “aunque no del todo muy honesto”, como o que conta para expresa-la opinión que lle merecían os homes de pluma: “una tejedora gallega que estaba en congreso con un hombre le suplicaba que le engendrarse al hijo con esta gallega expresión: *fagámelo vostede coas perniñas largas que o quero para tecelán (...)*. Si fuese heredera de algún oficio de pluma diría: con las uñas largas que lo quiero para escribano”.

As críticas que se repiten na correspondencia e na *Obra de los 660 pliegos* teñen moito de tópico (e non poucas poderían atoparse en Quevedo, admirado polo bieito pontevedrés), pero tamén fan referencia a situacións reais, orixinadas polo reforzamento dos mecanismos de intervención da administración real no plano local, polos efectos da administración dos impostos, da política de plantíos, das quintas, das partillas para pontes e camiños...(P. Saavedra). Os señores, os cregos e a burocracia que estaba ó servicio da administración loitaban e competían por consolida-la súa influencia entre o campesiñado, e neste empeño Sarmiento ponse de parte dos vellos mosteiros e, alomenos el así o pensa, dos labregos, pois non vía graves oposicións entre as



grandes institucións rendeiras e os foreiros. Os mosteiros viñan sendo como grandes pais de familia, en nada parecidos ós trabuqueiros, escribáns, xuíces, fidalgos intermedarios, que se servían do dominio e uso do castelán como lingua da administración para reforza-lo seu poder sobre unha poboación ágrafa e monolingüe, que soportaba unha chea de abusos dos “infinitos intermedios, socaliños, socamantas, socatrapos e socabocados que quieren ser reyes” (J. L. Pensado).

Para opoñerse ás pretensións da fidalguía, que quería a renovación forzosa dos forais feitos moito tempo atrás e que “vacaran” coa morte de Felipe V (1746) e Fernando VI (1759), e para defender ó mesmo tempo as funcións económicas e sociais dos mosteiros bieitos, Sarmiento comezou a escribir en 1762 a *Obra de los 660 pliegos*, e a maiores mandoulle varias cartas a Campomanes a ver se arranxaba dunha vez o que el chama a “mamarrachada” dos foros (R. Villares). Hai que recoñecer que, neste preito, Sarmiento tiña da súa parte a razón legal: na idade moderna, os foros eran cesións temporais, aínda que de longa duración, e cando chegaban a termo ou “vacaban”, os donos do directo –os mosteiros bieitos naquela circunstancia concreta– podían facerlles novos contratos, foros ou arrendos, ós antigos foreiros ou a outros. Os frades sabían ben que os fidalgos da época, descendentes moitos deles das xentes de pluma que acadaran poder na Galicia do século XVI, cobraban centos de ferrados de pan e de moios de viño por subforos e estaban dispostos a muda-la situación, convertendo os foros en arrendos.

Pero cando Sarmiento argumentaba con paixón en prol dos mosteiros, o poder económico e social, político e mesmo cultural da fidalguía estaba moi consolidado, e a “disparatada y monstruosa pretensión” de que non se puidese anova-los contratos foi adiante, pois unha real provisión de 1763 prohibía os “despoxos” ou desafuzamentos (B. Barreiro). A súa identificación coa orde bieita seguramente lle impediu ver a Sarmiento que a forza da fidalguía, cando estaba ben consolidada a sociedade pacega, era enorme, e que os cambios no sistema foral afectábanlles ás bases de moitas e de poderosas casas. De modo que o problema non se reducía só a unha cuestión legal, senón que tiña importantes implicacións sociais. Pero el non admitía comparanza entre a función social dun mosteiro, que se comportaba de acordo cos mandatos da “economía moral”, e a dun fidalgo, que empregaba as rendas para vivir nun luxo escandaloso, cando non no vicio e na disipación: “con un mayorazgo de 4.000 ducados que goza un monasterio, sustentan más de 30 religiosos [y] se conserva, continuado de día y de noche el culto divino. Se costean los gastos de ornamentos, fábrica y adornos. Se alimentan los religiosos (...) y se visten (...). Además sustenta veinte seglares para servicio de la iglesia, sacristía, cocina, caballerizas, y para otros servicios de casa y huerta”, e aínda habería que engadi-las esmolas entregadas a pobres e hóspedes: “El mayorazgo de un monasterio benedictino le comen todos, ricos y pobres. ¿Y quienes

comen un igual mayorazgo de un seglar? Presente este el libro de gastos, y presente el monasterio el suyo, y se palpará la enorme diferencia que ya calculó el Amigo de los Hombres [Mirabeau]” (J. Santos Puerto).

A orde bieita perdeu a batalla dos foros, e en certo modo este desenlace ven a ser como unha metáfora dos últimos anos da vida do frade pontevedrés. Con Carlos III os manteístas acadan un poder e unha influencia que antes non tiveran, e as ordes relixiosas ven limitada a súa capacidade de actuación, por exemplo no mundo da educación e no da censura. Cando tivo noticia do que pasaba cos xesuítas en Portugal e Francia, Sarmiento albiscou que o propio ía pasar en España e que nin sequera as outras ordes estaban libres de perigo. Á marxe disto, pero non alleo, ademais das poucas simpatías que espertaba o clero regular, hai que mencionar que os ministros de Carlos III tiveran por el menos consideración cós de Fernando VI, segundo pon de manifesto o acontecido coa súa proposta para engalana-lo palacio real. Desde comezos da década de 1760, Sarmiento, “convertido en una ostra sin potencia locomotiva”, concéntrase na redacción da *Obra de los 660 pliegos* e nos seus “testamentos lingüísticos, educativos e bibliográficos”. Nunha fermosa confesión incluída naquela obra, e que transcribe J. Santos Puerto, recoñece que “quéjense los hombres de que la vida es un soplo, un soplo es, pero inflado”. A forma de loitar contra a brevidade consistía en viaxar moito ou ler moito, e el fixo o segundo: “Desengañese el hombre, y no se queje de que su vida es un soplo y de que su pequeñez es un punto”, pois sería case un eterno, “aparte antes, el hombre que solo viviese sesenta o setenta años, como la mayor parte de su vida la emplease en una continuada lectura de los sucesos más memorables...”. Lecturas e traballos continuos cos que acreditou, nos derradeiros anos, as dúas grandes fidelidades da súa vida, que foron a orde bieita e Galicia, segundo quedaría tamén á vista no seu epitafio, que gravara Felipe de Castro: *Martinus Sarmientus. Gallaicus Monachus...*

\* \* \*

Sarmiento é un dos personaxes máis apaixonantes da Ilustración galega e española, e ata hai pouco dos menos estudiaados. Causa admiración a capacidade que tivo para percibi-la realidade galega vivindo pechado nunha cela, da que a penas saíu. Foi, en verbas do profesor Pensado, “testigo de su siglo”, e eu engadiría que foi sobre todo testemuña e fiscal dos problemas culturais da Galicia dos “séculos escuros”, que denunciou e quixo remediar. Penso que moi poucas persoas das nosas letras merecen coma el unha homenaxe, polo que nos ensinou da Galicia do século XVIII e polos esforzos que fixo por normalizar e dignifica-la lingua e mailas persoas que a falaban nunha época tan difícil. Non é necesario advertir da actualidade dunha parte importante do seu pensamento: se hoxe o mundo é moi diferente de cando el viviu, se o galego se aprende e se escribe e se o castelán é máis coñecido da poboación có latín, coido

que se levantase a cabeza tería moito que dicir da continua perda de falantes espontáneos dunha xeración para a outra (e nesta acentuada *apostasía*, que el denunciara, radica o maior perigo para a supervivencia da lingua), do empobrecemento do vocabulario, do limitado compromiso dalgúns institucións –caso da Igrexa– coa lingua... En fin, a mellor homenaxe que se lle pode ofrecer consiste en estudar en profundidade a súa obra completa e tratar de levar á práctica, acomodadas ás novas circunstancias, as súas propostas referidas á defensa do noso patrimonio cultural.

### Principais obras de Sarmiento consultadas

*Demostración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal* (1732). –Utilizámo-la edición de 1779.

*Reflexiones literarias para una biblioteca Real* (1743), editado polo *Semanario Erudito* de Valladares, XXI, 1789, p. 99-272 (ven de aparecer unha nova edición, ó coidado de J. Santos Puerto, patrocinada polo Consello da Cultura Galega, Santiago, 2002).

*Viaje a Galicia* (1745), edición e estudio de José Luis Pensado, Salamanca, 1975.

*Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, edición de José Luis Pensado, Salamanca, 1973.

*Cartas al Duque de Medinasidonia* (1747-1770) edición de José Santos, Ponferrada, 1995.

*Catálogo de algunos libros curiosos y selectos*, editado polo *Semanario Erudito* de Valladares, Madrid, V, 1787, p. 97-174.

*La educación de la Juventud*, edición de José Luis Pensado, Salamanca, 1984.

*Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, edición de Ramón Mariño Paz, Santiago, 1995.

*Espistolario*, disposto por X. Filgueira Valverde e M<sup>a</sup> Xosé Fortes Alén, Santiago, 1995.

*El porqué sí y el porqué no*, edición de Michel Dubuis, Nicole Rochaix e Jöel Saugnieux, Oviedo, 1988.

*Onomástico etimológico de la lengua gallega*, edición de José Luis Pensado, A Coruña, 1999.

*Elementos Etimológicos, siguiendo el método de Euclides*, edición de Pilar Allegue, Vigo, 1997.

### Bibliografía

AGUILAR PIÑAL, F., (ed.), *Historia literaria de España en el siglo XVIII*, Madrid, 1996.

ALCARAZ GÓMEZ, J. P., *Jesuitas y reformismo, el padre Francisco de Rávago (1747-1755)*, Valencia, 1995.

ALONSO MONTERO, X., “O P. Sarmiento, primeiro estudioso da poesía medieval galega, daquela sen exhumar” en *O Padre Sarmiento e o seu tempo, Actas Congreso Internacional Tricentenario Fr. Martín Sarmiento*, vol. 2, Santiago, 1997, p. 67-73.

ÁLVAREZ, R., “Variación dióptica no Coloquio de Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. 2, Santiago, 1997, p. 131-153.

ÁLVAREZ BARRIENTOS, J., LÓPEZ, F. e URZAINQUI, I., *La República de las Letras en el siglo XVIII*, Madrid, 1995.

- ÁLVAREZ DE MIRANDA, P., "Ensayo", en Aguilar Pinal, F., *Historia literaria de España...*, p. 285-325.
- *Palabras e ideas: el léxico de la ilustración temprana en España (1680-1760)*, Madrid, 1992.
- ALLEGUE, P., *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Vigo, 1993.
- *Sarmiento. Un intelectual ilustrado*, Santiago, 2001.
- ALLEGUE, P e BARBAZÁN, A., "Fr. Martín Sarmiento. Un intelectual crítico e informado", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. II, Santiago, 1997, p. 441-472.
- AYMES, J. R., "Les "ilustrados" espagnols de la deuxième moitié du XVIII<sup>e</sup> siècle et l'enseignement élémentaire. Étude Comparative" en *École et société en Espagne et Amérique Latine (XVIII-XX<sup>e</sup> siècles)*, Tours, 1983, p. 9-48.
- BARREIRO BARREIRO, X. L., *Martín Sarmiento na Ilustración (1695-1772)*, A Coruña, 2002.
- (dir.), *Ilustración e modernidade en Galicia: os avatares da razón*, Santiago, 2001.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, J. R., *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política*, "Galicia Historia", IV, A Coruña, 1991.
- "A igrexa galega no tempo do padre Sarmiento" en *O padre Sarmiento*, vol. I, p. 225-237.
- BARREIRO MALLÓN, B., "La pragmática de perpetuación de foros. Intento de interpretación", *Compostellanum XVII*, 1972, p. 73-116.
- "La lectura y sus problemas en el Norte de la Península: estado de la cuestión", *Bulletin Hispanique*, 1997, 1, p. 75 y ss.
- BERAMENDI, J., "Sociedade, nación e política en Sarmiento e os ilustrados galegos", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, Santiago, 1997, p. 265-282.
- BLANCO, D., *A poesía popular en Galicia. Recompilación, estudio e edición crítica*, Vigo, 1992.
- BOUZA ÁLVAREZ, F. J., *Corre manuscrito: una historia cultural del siglo de oro*, Madrid, 2001.
- CASO GONZÁLEZ, J. M., *De Ilustración y de ilustrados*, Oviedo, 1988.
- COSTA RICO, A., "A dimensión pedagóxica do Padre Sarmiento", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. II, Santiago, 1997, p. 245-300.
- *Sarmiento. Vida e obra*, Vigo, 2002.
- CUADERNOS DE ESTUDIOS GALEGOS, Santiago, 1995 (recompilación de traballos sobre Sarmiento publicados nesta revista).
- DELGADO, B., (coord.), *Historia de la Educación en España y América*, vol. 2, Madrid 1993.
- DOPICO, F., *A ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*, Vigo, 1976.
- "Sarmiento, pensador ilustrado", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, Santiago, 1997, p. 103-114.
- DUBUIS, M., "Erudition et piété. La réception en Espagne du traité des études monastiques de Mabillon", en Saugnieux, J., *Foi et lumières dans l'Espagne du XVIII<sup>e</sup> siècle*, Lión, 1985, p. 113-165.

- ESCOLANO BENITO, A., (dir.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Madrid, 1997.
- FILGUEIRA VALVERDE, J., *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, A Coruña, 1994.
- FREIRE ESPARÍS, M.P., “O modelo de colonias familiares en Sarmiento e o desenvolvemento da agricultura”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. II, p. 331-337.
- GABRIEL, N. de., *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, A Coruña-Sada, 1990.
- “As escolas de ferrado na Galicia do século XIX” en *III Xornadas de Historia de Galicia, Sociedade e movemento obreiro en Galicia*, ed. de Juana, J. E Castro, X., Ourense, 1986, p. 131-159.
- GALINO CARRILLO, M.A., *Fejoo, Jovellanos y Sarmiento, tres hombres y un problema ante la educación moderna*, Madrid, 1953.
- “El espacio del Padre Sarmiento en la historia de la educación”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. II, p. 221-235.
- GASALLA REGUEIRO, P. L., e SAAVEDRA, P., “Tempos de reformas. A Universidade no século da Ilustración”, en *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, coord. por X. R. Barreiro Fernández, Santiago, 1998, p. 249-650.
- GLENDINNING, N., *Historia de la Literatura española. Siglo XVIII*, Barcelona, 1977.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, P., “A administración no Padre Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 247-263.
- GUEREÑA, J. L., FELL J-L. e AYMES, J-R., (dir.), *Matériaux pour une histoire de la scolarisation en Espagne et Amérique latine (XVIII<sup>e</sup>-XX<sup>e</sup> siècles)*, Tours, 1993.
- GUEREÑA, J-L. e VIÑAO FRAGO, A., *Estadística escolar. proceso de escolarización y sistema educativo nacional en España (1750-1850)*. Barcelona, 1996.
- LABRADOR HERRÁIZ, C., “Los maestros de primeras letras en el catastro del Marqués de la Ensenada”, en *II Simposio sobre el P. Fejoo y su siglo*, Oviedo, 1983, p. 159-181.
- LÁZARO CARRETER, F., *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, Barcelona, 1985.
- LIRE, M.A., TOJO, J. e BERMEJO, M., “A metodoloxía para o estudo, o ensino e a investigación científica en Frei Martín Sarmiento”, *Sarmiento, Anuario Galego de Historia da Educación*, 2, (1998), 93-124.
- LÓPEZ, F., “Las lenguas de España y la lengua española. De las primeras letras a la literatura”, en *El mundo hispánico en el siglo de las luces*, Madrid, 1996, I, p. 141-159.
- *De l’alphabétisation aux circuits du livre en Espagne: XVI<sup>e</sup>-XIX<sup>e</sup> siècles*, París, 1987.
- LOPEZ PELÁEZ, A., *El Gran Gallego*, A Coruña, 1895.
- LLUCH, E., “La visión económica de Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 91-102.
- *Las Españas vencidas del siglo XVIII: claroscuros de la Ilustración*, Barcelona, 1999.
- MARAÑÓN, G., *Las ideas biológicas del Padre Fejoo*, Madrid, 1934.
- MARAVALL, J.A., *Estudios de la Historia del Pensamiento Español (s. XVIII)*, Madrid, 1991.
- MARIÑO PAZ, R., *Historia da lingua galega*, Santiago, 1998.
- “Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII”, *Grial*, 110 (1991), p. 263-274.
- “O padre Sarmiento no seu tempo”, *Cadernos de lingua*, 8 (1993), p. 87-100.

- “Sobre a elaboración do galego escrito polo P. Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. II, p. 89-119.
- MENÉNDEZ PELAYO, M., *Historia de los heterodoxos españoles*, Madrid, 1987, II.
- MESTRE, A., *Don Gregorio Mayans y Siscar, entre la erudición y la política*, Valencia, 1999.
- *Historia, fueros y actitudes políticas. Mayans y la historiografía del siglo XVIII*, Valencia, 1970.
- *Mayans y la España de la Ilustración*, Madrid, 1990.
- “La historiografía ilustrada”, en F. Aguilar Piñal (ed.), *Historia literaria de España en el siglo XVIII*, Madrid, 1996.
- MONTEAGUDO, H., *Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, 1999.
- OTERO PEDRAYO, R., *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, Vigo, 1968.
- PENSADO TOMÉ, J.L., “Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo”, *Grial*, 60 (1978), p. 129-154.
- *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, Oviedo, 1960.
- *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Discurso de apertura do Curso Académico, Salamanca, 1972.
- *El Gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, A Coruña, 1985.
- *Para achegármonos a Frei Martín Sarmiento*, Lugo, 1994.
- PESET, M. e PESET, J. L., *La Universidad española, siglos XVIII y XIX*, Madrid, 1974.
- PUERTO SARMIENTO, F. J., *La ilusión quebrada. Botánica, sanidad y política científica en la España Ilustrada*, Madrid, 1988.
- REY CASTELAO, O., *La historiografía del voto de Santiago*, Santiago, 1985.
- *A Galicia clásica e barroca*, Vigo, 1998.
- “Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen”, *Bulletin Hispanique*, 2 (1998), p. 271-311.
- REY CASTELAO, O. e SANZ GONZÁLEZ, M., “Monjes, frailes y libros: las bibliotecas de los regulares compostelanos a fines del Antiguo Régimen”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 6 (1997), p. 79-106.
- RIVERA, E., *Galicia y los jesuitas; sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*, A Coruña, 1989.
- RODRÍGUEZ ENNES, L., “A orixinalidade do pensamento xurídico-penal de Fr. Martín Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 305-327.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X., “Poboación e agricultura en Galicia na obra de Fr. Martín Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 61-71.
- ROJO SÁNCHEZ, G., *El lugar de la sintaxis en las primeras gramáticas de la Academia*, Madrid, 2001.
- RUIZ BERRIO, J., “Reformas de la enseñanza primaria en la España del despotismo ilustrado: la reforma desde las aulas”, en *L'enseignement primeire en Espagne et Amérique latine du XVIII<sup>e</sup> siècle à nos jours*, Tours, 1986, p. 3-19.
- SAAVEDRA, P., “Poder e sociedade na Galicia do Padre Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p.73-90.

- *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994.
- SAAVEDRA, P. e SOBRADO, M., *Cultura y Vida cotidiana en la España del siglo XVIII*, Madrid (no prelo dentro da colección “Historia de España Nuevo Milenio”, de ed. Síntexis).
- SANCHEZ-BLANCO PARODY, F., *Europa y el pensamiento español del siglo XVIII*, Madrid, 1991.
- *La mentalidad ilustrada*, Madrid, 1999.
- SANTAMARINA, A., “O Padre Sarmiento, precursor dos estudos románicos”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 31-65.
- SANTOS PUERTO, J., “El Padre Sarmiento y la introducción de Newton en España”, *Llull*, vol. XX (39), (1997), 697-733.
- “La censura de la España Primitiva, una aclaración historiográfica”, *Hispania*, LIX/2, núm. 202 (1999), 547-564.
- *Martín Sarmiento: Ilustración, Educación y Utopía en la España del siglo XVIII*, A Coruña, 2002.
- SAN VICENTE SANTIAGO, F., “Filología”, en Aguilar Piñal, F., *Historia literaria de España...*, p.593-669.
- SANZ GONZÁLEZ, M., “Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 1 (1992), p. 229-249.
- SAUGNIEUX, J., *Foi et Lumières dans l’Espagne du XVIII<sup>e</sup> siècle*, Lión, 1985.
- *Les mots et les livres, études d’histoire culturelle*, Lión, 1986.
- “Les problèmes de l’alphabétisation dans l’Espagne du XVIII<sup>e</sup> siècle” en *L’Enseignement primaire en Espagne et en Amérique latine du XVIII<sup>e</sup> siècle à nos jours*, Tours, 1986, p. 19-29.
- STIFFONI, G., “La biblioteca de Fray Martín Sarmiento”, en *Homenaje al profesor Carriazo*, tomo III, Sevilla, 1973, p. 463-489.
- “Intelectuales, Sociedad y Estado”, en *Historia de España Menéndez Pidal*, XXIX (2), p. 1-149. Madrid, 1985.
- TORRES VILLARROEL, D. De., *Vida, ascendencia, crianza y aventuras de...*, Madrid, 1980, (ed. de Dámaso Chicharro).
- VIGO TRASANCOS, A., “Fray Martín Sarmiento y la arquitectura: su propuesta para la Biblioteca Real de Madrid”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 175-208.
- VILLARES, R., *Foros, frades e fidalgos*, Vigo, 1982.
- “A provisión de 1763, revisitada”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, vol. I, p. 209-229.
- VILLARES, R. e DÍAZ-CASTROVERDE, J. L., (eds.), *O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII*, Santiago, 1997.
- VIÑAO FRAGO, A., “Alfabetización, lectura y escritura en el Antiguo Régimen (siglos XVI-XVIII)” en A. Escolano (dir.), *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización*; Madrid, 1992, p. 45-68.
- “Aprender a leer en el Antiguo Régimen: cartillas, silabarios y catones” en A. Escolano (dir.) *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la segunda República*, Madrid, 1997, p. 149-191.

VV. AA., *La época de Fernando VI*, Cátedra Feijoo de Oviedo, 1981.

VV. AA., *La educación en la Ilustración Española*, núm. extraordinario da Revista de Educación, Madrid, 1988.